



**Instrución 6/2020, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2017.**

A Orde do 11 de abril de 2017 (DOG núm. 81, do 27 de abril de 2017), establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que ao finalizar o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

Este proceso realizarase a partir da documentación que se lles require ás persoas investigadoras que foron contratadas ao abeiro da citada orde polas universidades do SUG e polas demais entidades indicadas no artigo 2, para que presenten e sometan o seu currículo á avaliación por comités avaliadores externos.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería Cultura, Educación e Universidade, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

De acordo co Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e innovación e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación (Gain) definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería Cultura, Educación e Universidade e a Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

En consecuencia, o secretario xeral de Universidades e a directora da Gain no uso das competencias que temos atribuídas, ditan a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación establecida:

- a) No artigo 6 do anexo I da Orde do 11 de abril de 2017 das persoas investigadoras contratadas ao amparo das axudas de apoio á etapa posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2017, que permanecen no programa na data de publicación desta instrución.
- b) No artigo 6 do anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2016 para aquelas persoas que gozaron dun contrato posdoutoral con entidades alleas ao SUG e financiadas pola Gain, que non renunciaron á dita axuda antes do seu remate, que finalizaran o contrato derivado desa axuda con anterioridade ao día 1 de outubro de 2019 e que non participaran previamente nun procedemento de avaliación similar ao que se inicia con esta instrución.

2. A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos de fóra do SUG, coa colaboración da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas persoas interesadas e de acordo cos criterios e documentación sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.

3. De acordo co disposto no artigo 6.2 do anexo I da Orde de convocatoria neste proceso, as comisións de avaliación terán como referencia os criterios de avaliación establecidos na Resolución do 20 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen os criterios de avaliación no





Programa de incentiación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (BOE nº 204, do 26 de agosto), en particular aqueles sinalados no seu anexo I (criterios de avaliación relativos ao conxunto da traxectoria investigadora, sen excluír ningún ano de actividade). Este artigo establece que estes criterios se poderan modular por proposta do equipo avaliador cando así o considere necesario nun ámbito ou contexto determinado. Tendo en conta que o período formativo se desenvolveu en moitos casos condicionado pola pandemia Covid-19, o que motivou a extensión xenérica dos contratos e puido obrigar a alteracións dos plans iniciais de traballo, o equipo avaliador tomará en consideración esta situación e poderá modular os criterios atendendo ao contexto da pandemia no período. Complementariamente, os equipos avaliadores poderán ter tamén en conta todas aquelas circunstancias sinaladas no artigo 18.3 da orde de convocatoria que deron lugar a interrupcións do contrato.

4. Requirirles ás persoas interesadas a documentación necesaria para a avaliación das axudas, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica. Esta documentación, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades no caso das persoas contratadas por unha universidade do SUG e á Gain nos demais casos, deberá ser presentada polas entidades contratantes a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, por medio do procedemento PR004A. A documentación terá que remitirse:

- As persoas investigadoras que accedan a esta avaliación a través da epígrafe 1 a) desta instrución, poderán optar por presentar a documentación con data límite do 1 de decembro de 2020 e iniciar o procedemento de avaliación final ou, en todo caso, un mes antes do remate do contrato.
- Con data límite do 1 de decembro de 2020 para aquelas persoas investigadoras que accedan a esta avaliación a través da epígrafe 1 b) desta instrución.

5. A documentación terá que abranguer os seguintes aspectos:

- 5.1.- Currículo actualizado nun modelo normalizado (formato pdf), preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>.  
O currículo complementarase cos documentos xustificativos dos méritos alegados, xunto coas copias ou enlaces ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc., e cun documento índice de cada un dos méritos alegados e xustificados que permita unha doada identificación de cada un deles, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice. Incluirase así mesmo un breve resumo sobre a relevancia das publicacións realizadas requirido no punto 2.g do anexo I da Resolución do 20 de xullo de 2005.
- 5.2.- Capacidade da persoa investigadora para liderar grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro.
- 5.3.- Patentes en explotación, destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo Tratado de cooperación de patentes (PCT).
- 5.4.- Actividade formativa da persoa avaliada, en especial a relacionada coa formación de doutores e a dirección de teses de doutoramento.
- 5.5.- Memoria da actividade desenvolvida. Esta memoria poderá reflectir aquelas consideracións que a persoa entenda que deba facer constar e que sexan pertinentes para que o equipo avaliador poida modular os criterios atendendo ao contexto Covid ou a calquera das circunstancias que supuxeron unha interrupción dos contratos de acordo coas causas recollidas no artigo 18.3 da Orde de convocatoria.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar

